

mov-s

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [4] Centro Coreográfico Galego
- [5] Centro Dramático Galego
- [6] Escola de Altos Estudos Musicais
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] AXENDA
- [9-11] ALERTA!
- [12-13] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

MÁIS DE 200 INSCRITOS PARA O MOV-S GALICIA NA ILLA DE SAN SIMÓN

MESAS DE DEBATE, GRUPOS DE TRABALLO, RELATORIOS E EXHIBICIÓNS ARTÍSTICAS CONFIGURAN O INTENSO PROGRAMA QUE SE DESENVOLVE DO 15 AO 18 DE XUÑO

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO COLABORA CO MERCAT DE LES FLORS DE BARCELONA NA ORGANIZACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DESTE ENCONTRO INTERNACIONAL

A illa de San Simón, na ría de Vigo, concentrará gran parte do intenso programa do Mov-s Galicia 2008, que terá lugar do 15 ao 18 de xuño e para a que o que están confirmadas máis de 200 inscricións. O Centro Coreográfico Galego (CCG) colabora co Mercat de les Flors de Barcelona na organización da segunda edición deste “espazo para o intercambio internacional da danza e as artes do movemento”, que nesta ocasión ten como temática central as condicións para a creación coreográfica.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Foto portada: Víctor R. Jove

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



MOV-S

[vén da pantalla anterior]

Dúas mesas de debate, seis grupos de traballo, presentacións de proxectos, testemuños de artistas e a exhibición de 12 propostas dan forma ao Mov-s Galicia, que estenderá a súa actividade a varios espazos da cidade de Pontevedra. A través deste encontro, para o que se conta con relatores chegados de diferentes países (Bélxica, Brasil, España, Francia, Irlanda, Portugal e Suecia), búscase identificar as condicións óptimas para que o proceso de creación se inicie con garantías de calidade e innovación.

Neste sentido, a primeira das mesas xirará arredor dos fundamentos que permiten definir este contexto favorable para o proceso creativo, dando pé a tres grupos de traballo sobre o entorno e o acompañamento artístico, o coñecemento e o intercambio con outras culturas, e as complicitades artísticas e o fenómeno de Flandres, todo un referente histórico internacional do que tirar ensinanzas para o conxunto da danza. Trala segunda das mesas, centrada nos instrumentos para estimular a creatividade coreográfica, celebraranse outras tres sesións de traballo sobre as políticas culturais, as estruturas facilitadoras da creatividade e a documentación e a memoria da danza.

DIEGO ANIDO ABRE A EXHIBICIÓN

Canto ao apartado de exhibición, o Mov-s 2008 apoia o traballo do CCG como plataforma para a creación contemporánea galega incluíndo no seu programa tanto espectáculos de sala xa estreados como propostas abertas de novos creadores. No pri-



Pisando Ovos

meiro caso atópase a peza *Cascuda*, de Diego Anido en coprodución co Centro Dramático Galego, que inaugura este cartel o domingo 15 no Teatro Principal de Pontevedra trala boa acollida obtida na súa estrea o pasado mes de maio en Compostela. Na xornada seguinte, o Teatro Principal acollerá o espectáculo *30.000* da compañía Pisando Ovos, mentres que o Centro Coreográfico Galego presentará o seu *Kiosco das almas perdidas* no Pazo da Cultura.

Pola súa banda, a capela e os exteriores da illa de San Simón serán o marco para unha serie de pezas concibidas ou adaptadas especialmente para estes espazos: *Lárazo* de Iván Marcos, *Marieta* de Janet Novás e *Ven de Compañía Entremáns*, o día 16; e *Hana Bi (Flores de lume)* de Mercé de Rande, *Play* de Play&Rewind, Anuska Alonso Monteroi, *Entre polvo y gusanos* de Marco Regueiro e Cía. Lucier, *Hoxe na rúa...* de Cía. Arraiana, e *Ecdidís* do CCG, o día 17. Durante ambas as xornadas, a capela será tamén escenario para a instalación sonora *Aquófono*, do dúo de percusión Parto.

+ info en www.mov-s.org

MESAS DE DEBATE E SESIÓNS DE TRABALO

16 de xuño	ILLA DE SAN SIMÓN. SALA PLENARIA
10.00 h	Mesa 1. As condicións para a creación coreográfica: os fundamentos
12.00 h	Grupo 1. O entorno e o acompañamento artístico Grupo 2. A mobilidade artística e o intercambio intercultural Grupo 3. As complicitades artísticas e o fenómeno de Flandres
16.30 h	Testemuños de artistas: Marco Regueiro / Estela Lloves
17.00 h	Presentación de proxectos Centros de Creación de Barcelona / Centro Párraga de Murcia / Sweet & Tenders (varios países) / Proxecto Alg-A Lab (Galiza) / Proxecto Plataforma (Cataluña)
17 de xuño	ILLA DE SAN SIMÓN. SALA PLENARIA
10.00 h	Mesa 2. As condicións para a creación coreográfica: os instrumentos
12.00 h	Grupo 1. As políticas culturais Grupo 2. Estruturas facilitadoras da incubación da creatividade Grupo 3. A documentación e a memoria da danza
16.30 h	Testemuños de artistas: Ana Vallés / Roberto Oliván
17.00 h	Presentación de proxectos Flanders Dance Plan (Bélxica) / Victoria (Bélxica) / Centro Coreográfico da Gomera / Rumus Iatú Cultural (Brasil) / Mugatxoan (Euscadi)
18 de xuño	PONTEVEDRA. CASA DAS CAMPÁS
10.00 h	Conclusión

PROPOSTAS ARTÍSTICAS

15 de xuño	
20.50 h	PONTEVEDRA. TEATRO PRINCIPAL Diego Anido: Cascuda
16 de xuño	
10.00 / 18.30 h	ILLA DE SAN SIMÓN. CAPELA Parto: Aquófono, instalación sonora
15.30 - 16.25 h	ILLA DE SAN SIMÓN. EXTERIOR DA CAPELA Iván Marcos: Lárazo / Janet Novás: Marieta / Compañía Entremáns: Ven
20.00 h	PONTEVEDRA. TEATRO PRINCIPAL Pisando Ovos: 30.000
22.30 h	PONTEVEDRA. PAZO DA CULTURA Centro Coreográfico Galego: Kiosco das almas perdidas
17 de xuño	
10.00-14.30 h	ILLA DE SAN SIMÓN. CAPELA Parto: Aquófono, instalación sonora
15.30-16.30	ILLA DE SAN SIMÓN. CAPELA E EXTERIORES Mercé de Rande: Hana Bi (Flores de lume) / Play&Rewind: Play
18.30-20.55 h	ILLA DE SAN SIMÓN. PERCORRIDOS EXTERIORES E CAPELA Anuska Alonso Montero Marco Regueiro/ Cía. Lucier: Entre polvo y gusanos Mercé de Rande: Hana Bi (Flores de lume) Cía. Arraiana: Hoxe, na rúa, peguei un golpe na cabeza [...] Centro Coreográfico Galego: Ecdidís

O IGAEM COLABORA CO INGAT NUN PLAN DE FORMACIÓN PARA O SECTOR

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e o Instituto Galego de Estudos e Investigacións Teatrais (INGAT) acordaron establecer unha canle de colaboración conxunta para o desenvolvemento dun plan de formación técnica e artística dirixida aos profesionais do sector do teatro e a danza en todas as súas expresións. O acordo baséase no interese de ambos organismos de materializar un proxecto formativo que redunde na profesionalización e formación da escena galega.

O ciclo formativo desenvólvese ao longo de 2008 en tres áreas de traballo fundamentais: Formación técnica, Formación para a creación e Formación para a xestión. O contido para a primeira área concretáranse un curso de iluminación a cargo de Miguel Ángel Camacho (ESAD, Vigo, do 8 ao 10 de setembro); e para a segunda noutro de dirección e xestión de espazos escénicos impartido por José Manuel Garrido (Salón Teatro, Santiago, do 16 ao 19 de xuño). Na terceira área insiríranse un total de 5 cursos: de deseño escenográfico, con José Luís Raymond (ESAD, Vigo, do 30 de xuño ao 4 de xullo); de teatro-danza, a cargo de Megaló Teatro (CCG, A Coruña, do 7 ao 11 de xullo); un taller de interpre-



tación impartido por Iaroslav Bielski (SGAE, Santiago, do 24 ao 28 de novembro); de expresión oral, con Nuria Montero Gullón e Cristina Domínguez (SGAE, Santiago, do 22 de setembro ao 15 de decembro); e o que se desenvolverá baixo o título "O corpo creativo, do laboratorio á escena", a cargo de Andreu Raich e Elisenda Renom (SGAE, Santiago, do 17 de setembro ao 3 de decembro).

Para levar a cabo este plan, o IGAEM achega 25.000 euros. Ao INGAT correspóndelle á dirección técnica dos mesmos e a súa xestión directa, así como a selección dos alumnos participantes en cada un deles.

66 ESPECTÁCULOS GALEGOS OPTAN A SER PROGRAMADOS NA FEIRA

Un total de 66 espectáculos de teatro, danza e novo circo producidos en Galiza optan a ser programados na edición 2008 da Feira Galega das Artes Escé-

nicas, que se desenvolverá en Santiago de Compostela do 13 ao 17 de outubro. As propostas, procedentes de máis de 60 compañías galegas de todos os xéneros e estilos, respostaron á convocatoria realizada polo IGAEM para este fin, cuxo prazo rematou o pasado 20 de maio.

A partir de agora comeza o proceso de selección das 25 montaxes que integrarán a carteleira do evento: 20 galegos, 3 de fala portuguesa e 2 de Euscadi, Comunidade autónoma convidada. Esta selección realizarase a través de dúas vías: unha obxectiva, en función dos niveis de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios; e outra artística, a cargo dunha comisión (da que forman parte Carmen Castro, xestora Cultural de Carballo; Roberto Taboada, director do festival ALT; e Camilo Franco, crítico teatral) terá en conta criterios de calidade, innovación e actualidade dos espectáculos candidatos.

+ info en
www.feiradasartesscénicas.com

O IGAEM FAI PÚBLICO O SEU 'INFORME DE ACTIVIDADE ANUAL 2007'

O IGAEM acaba de editar e poñer a disposición do público a través da web o seu *Informe de actividade 2007*, un amplo estudo recompilerio de todas as accións levadas a cabo polo

organismo durante o pasado ano no seu cometido de promocionar e difundir as artes escénicas galegas.

A publicación, que se abre cunha valoración da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, divídese en dous grandes bloques: un adicado ás políticas do IGAEM respecto do fomento das artes escénicas e musicais en xeral e outro á produción propia das súas unidades (Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Escola de Altos Estudos Musicais). No primeiro apartado inclúense distintos gráficos e cadros comparativos do principal mercado, que é a Rede Galega de Teatros e Auditorios, no tocante, por exemplo, a niveis de contratación de espectáculos e de asistencia de públicos. Tamén se relaciona textual e graficamente todo o apoio á actividade escénica e musical (axudas, desenvolvemento empresarial, plan de formación, asociacionismo profesional, formación...) así como as actuacións concretas desenvolvidas en promoción exterior, comunicación social, publicacións e prospectiva.

No epígrafe destinado ás unidades, aparecen todos os espectáculos de teatro e danza producidos e coproducidos, así como o resto de actividades de formación e difusión do CDG, CCG e EAEM.

+ info en www.igaem.xunta.es/documentacion.php?lg=gale



O SISTEMA DE XESTIÓN EN LIÑA GALESCENA, FINALISTA DOS PREMIOS EGANET

O IGAEM acadou o posto de finalista da quinta edición dos Premios Eganet, que convoca a Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e Novas Tecnoloxías, polo sistema de xestión en liña dos seus tres circuítos de distribución escénica que se desenvolven baixo a intraweb galescena.info: a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), Rede Galega de Salas (RGS) e Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV).

O sitio www.galescena.info é o principal instrumento de traballo tanto para o IGAEM e os máis de cen xestores dos teatros, auditorios e salas, como para as compañías escénicas e grupos musicais en relación cos trámites necesarios para a configuración das programacións das tres redes. A través desta web de acceso restrinxido realízase automaticamente a inscrición dos

espectáculos ofertados, o proceso de contratación, a introdución da información relativa ás propostas seleccionadas, a recollida dos datos de asistencia, etc.

Este sistema de xestión compartida ten a súa versión aberta ao público nos sitios culturavai.info e musicaovivo.info –carteleiras dixitais da RGTA e RGS, e da RGMV, respectivamente– nos que os espectadores poden consultar a axenda permanentemente actualizada de espectáculos e concertos, ademais de obter información sobre compañías, grupos e espazos.

Con www.galescena.info, desenvolvida pola empresa Abertal Networks, o IGAEM optou, xunto a outras tres candidaturas, á categoría á mellor aplicación *on-line* desta quinta edición dos Premios Eganet, galardón que finalmente foi para a firma coruñesa Netex Knowledge Factory, pola súa campaña Kubbe.

+ info en premioegagnet.com

CHEGAN ÁS LIBRARÍAS AS ÚLTIMAS OBRAS GAÑADORAS DO ÁLVARO CUNQUEIRO E DO MANUEL MARÍA

O IGAEM e Edicións Xerais de Galicia acaban de publicar as obras gañadoras na pasada edición dos premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais –*Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro– e Manuel María de Literatura Dramática Infantil –*Game Over*, de Carlos Losada–, que chegan as librarías como os números 7 e 8 da colección Biblioteca Dramática Galega, respectivamente.

Tamén están xa á venda os últimos números da Colección Barriga Verde, que o IGAEM coedita con Baía Edición: *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo, e *Cataventos e cía.*, de Celia Díaz Núñez, obras galardoadas na primeira e segunda edición do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa modalidade infantil. Coa publicación destes dous novos títulos, complétase a edición de todos os textos dramáticos galardoados até o momento polo IGAEM a través dos tres premios literarios que convoca anualmente.

Para as vixentes edicións do Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde, o prazo de recepción de orixinais remata o vindeiro día 12, comezando a continuación o proceso de avaliación por parte do xurado, que dará a coñecer a súa decisión no mes de outubro.

SELECCIONADAS AS COMPOSICIÓNS QUE SE INCORPORAN Á SERIE AGRA NOVA

Meditacións sobre un bemol, de José Luis Pedrosa; e *Villancico extrafino. Retablo escénico en catro cadros*, de

Juan Pérez Berná, son os dous títulos das composicións seleccionadas para pasar a formar parte da serie de música impresa Agra Nova, que publican o IGAEM e a casa editora Dos Acordes como a parte da colección de partituras Ars Gallaeciae Musicae especialmente adicada aos autores galegos actuais.

As dúas obras, que pasarán a ser os números 6 e 7 da devandita serie, conforman as novas incorporacións previstas para poñer a disposición do público no presente 2008 e foron escollidas tralo exame e consideración das 24 composicións presentadas ao IGAEM para este fin por un total de 10 autores.

LUÍS BARÁ PRESENTA O PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS NO FITEI DO PORTO

O director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, presenta o Plan Galego das Artes Escénicas o próximo xoves 5 de xuño no Ateneu Comercial de Porto, nun acto que forma parte do programa do FITEI (Festival Internacional de Teatro de

Expresao Iberica) e se insire no afán da Consellería de Cultura de dar a coñecer o documento que guiará o desenvolvemento do teatro e a danza de Galiza até 2011.

O contido do PGAE foi desvelado pola conselleira, Ánxela Bugallo, o pasado 20 de maio ante unha nutrida representación do sector nun acto celebrado no Salón Teatro. Continúase agora co labor de difusión, neste caso entre profesionais e medios de comunicación portugueses acreditados no FITEI e como primeira acción destas características que se repetirá durante os próximos meses noutras mostras e feiras e festivais de toda a península.

O PGAE, no que se identifican 83 accións concretas para 17 liñas de traballo, está dotado con case 66 millóns de euros. Tan diverso no seu contido como integrado na súa formulación, define un marco conxunto de actuación que fornecerá ás artes escénicas de recursos e ferramentas para o seu posicionamento nun lugar preferente na realidade cultural, social e económica do país.



Ánxela Bugallo, Quico Cadaval e Celso Parada na presentación do PGAE en Santiago

O CCG COLABORA NA PRIMEIRA EDICIÓ DO FESTIVAL EMPAPE

O Centro Coreográfico Galego colabora na primeira edición do Festival EMPAPE, que se celebrará nas rúas da Coruña do 4 ao 6 de xullo, aínda que as actividades paralelas comezan xa o martes día 1. Esta iniciativa, organizada pola compañía Entremans e Artestudio, créase para impulsar o desenvolvemento cultural da cidade herculina, e co obxectivo de se converter nun punto de encontro e de intercambio entre artistas e espectadores.

A danza deixa os teatros para achegarse ao cidadán, sae á rúa, toma prestados lugares da cidade, xogando coa arquitectura e coa relación creación-espazo, facendo da danza unha arte accesible a todos. A partir desta premisa, a programación terá lugar nas rúas principais de A Coruña e nela participan diversas compañías de ámbito nacional e internacional como La Intrusa de Barcelona, Miguel Azcue de Suecia-Cuba, Ziya Azazi de Turquía-Bélxica ou o Centro Coreográfico Galego e Neodans de Galiza, entre outros. O CCG abrirá o festival coa interpretación dunha mostra de *Kiosco das Almas Perdidas* no Paseo das Pontes. Os bailaríns desta produción realizarán tamén o 5 de xullo distintas accións poéticas na Fundación Luís Seoane especificamente pensadas para este centro

De xeito paralelo ás actuacións programáanse unha serie de actividades paralelas como un taller de shiatsu e ioga dinámico para bailaríns e outros profesionais das artes do movemento, un taller de ioga e origami para nenos e a creación dunha escultura de escaiola, baseada na idea de fusión entre o movemento da danza e a inmo-

bilidade da escultura, o público poderá visualizar todo o proceso creativo.

O Festival EMPAPE atópase dentro da Rede Internacional de Cidades que Danzan, da que actualmente forman parte 30 cidades europeas e latinoamericanas que se distinguen por revalorizar e apostar pola arte da danza.

CISCO AZNAR DIRIXIRÁ PARA O CCG 'GISELIÑA', UNHA VERSIÓN LIBRE DE 'GISELLE'

O Centro Coreográfico Galego realiza na primeira semana de xullo audicións para 13 prazas de bailaríns para a súa produción da próxima temporada 2008-2009. Trátase dunha versión libre de *Giselle*, que estará dirixida polo coreógrafo catalán Cisco Aznar e levará por título *Giseliña*. Á convocatoria presentáronse 139 profesionais, dos que 88 realizarán as probas por ter superado unha primeira selección que o propio Aznar fixo partindo dos currículos recibidos.

As audicións desenvolveranse até o 5 de xuño e constarán dun fragmento de material propio ou doutro coreógrafo que cada bailarín debe presentar cunha duración máxima de 5 minutos de duración, unha clase de ballet clásico, unha clase de danza contemporánea e un taller impartido polo coreógrafo director.

O xurado que avaliará as probas está formado por Pilar Peña de Castro, presidenta, María Casar Díaz, secretaria, Luís Lara Bui, Laure Dupont e M^a Luisa Salas Labrador e o propio Cisco Aznar.

O coreógrafo e bailarín catalán Cisco Aznar traballa na actualidade en Lausana (Suíza), onde dirixe a compañía Buissonnière.

Teatro dell Ariete



O CDG TRAE A GALIZA O TEATRO PARA COMER DOS ITALIANOS DELL ARIETE

O Salón Teatro de Santiago, espazo escénico que xestiona o CDG, chega en xuño ao final da súa temporada de exhibición 2007-2008; e faino cun amplo programa de *performances* –inscritas baixo o título AcciónST– así coma cun ciclo de novas músicas e a estrea da obra de Roberto Vidal Bolaño *Bailadela da morte ditosa*, a cargo da compañía Teatro do Noroeste.

En AcciónST, Nut Teatro, Teatro D2, Roberto Leal & Friends e Iván Marcos efectuarán cadansúa proposta, en distintas ubicacións dentro do teatro, entre o 4 e 7 de xuño; nun programa variable segundo os días que unificará a permanencia para todo o ciclo do traballo, por primeira vez en Galicia, dos italianos Teatro dell Ariete e a súa proposta *Teatro para comer?*, unha montaxe-restaurant para 26 comensais-espectadores que compar-

tirán mesa no escenario cos actores e poderán degustar as especialidades italianas cociñadas *in situ* pola compañía.

O ciclo Novas Músicas desenvolverase os días 13, 20 e 27 de xuño con tres concertos a cargo de Narf, Nordestinas e Carmen Dor, respectivamente.

A estrea de *Bailadela da morte ditosa* a cargo de Teatro de Ningures, con dirección de Etelvino Vázquez e interpretación de Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río e Casilda García, será os días 28 ás 20:30 h e 29 ás 18:00 h.

+info en www.centrodramatico.org

REMATA A XIRA DE 'VALDEMULLER' CON MÁIS DE 7.500 ESPECTADORES EN 59 FUNCÍONS

O período de exhibición do espectáculo *Valdemuller*, do CDG, rematou o pasado 28 de maio cun total de 59

funcións ofrecidas e un balance de 7.676 espectadores, despois dunha extensa xira de tres meses de duración por 12 escenarios das catro provincias galegas e outros dous espazos de fóra de Galicia: o Centro Teatral Escalante de Valencia e o Festival Fazer a Festa do Porto.

Canto ás cifras de público, 5.574 persoas acudiron ao espectáculo durante a xira que discorreu polos teatros de Ourense, Narón, Tui, Pontevedra, Carballo, O Barco, Vilagarcía, Ribadeo, Muros, Vigo e Ferrol, mentres que 2.102 espectadores se puxeron diante da montaxe nas 20 funcións desenvolvidas en Compostela, algunhas delas concertadas para alumnos de centros de ensino medio.

O director arxentino afincado en Madrid, Pablo Vergne, dirixiu esta obra segundo a creación colectiva realizada a partir da novela de Xosé A. Neira Cruz. Con esta segunda produción da temporada 2007-2008, o CDG apostou polo teatro de obxectos a través dunha montaxe especialmente pensada para o público infantil e xuvenil que foi interpretada polas actrices-manipuladoras galegas Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela.

CONTINUÁ ATÉ FINAIS DE XULLO A DISTRIBUCIÓN EN GALICIA DE 'ESTIGMA'

Estigma, última produción do CDG para a actual temporada que se estreou o pasado 2 de maio en Compostela, continúa a súa distribución galega con próximas funcións en O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 6 de xuño), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 e 14 de xuño), Ribadeo (Auditorio Municipal, 20 de xuño), Ferrol (Teatro Jofre, 22 de xuño), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 27 de xuño) e A Coruña (Teatro Colón, 2 e 3 de xullo). Ademais, e como remate do período de distribución, o CDG presentará *Estigma* na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (20 de xullo).

Estigma está dirixida por Dani Salgado a partir do proxecto de dramaturxia residente Drama3 iniciado no verán de 2007 como exercicio de escritura a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal. Xabier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende conforman o elenco actoral da montaxe, na que tamén interviñeron Joan Galí (deseño de espazo escénico, vestuario e atrezzo), Baltasar Patiño (deseño de iluminación), Dolores Centeno (maquillaxe), Alex Rademakers e Francesc Sitges (audiovisual e espazo sonoro) e Andreu Raich (axudante de dirección e movemento escénico).

Estigma



A EAEM ORGANIZA A SÉTIMA EDICIÓN DO FESTIVAL DE CONTRABAIXO LUDWIG STREICHER

O Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher, consolidado xa como un dos máis importantes eventos dos que se dedican monograficamente a este instrumento, celebra a súa sétima edición do 1 ao 9 de xullo en Compostela cun programa que combina as clases teóricas e prácticas cunha serie de concertos en diferentes espazos da cidade. A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) organiza este encontro, coordinado polo profesor Carlos Méndez, que naceu grazas á iniciativa dun grupo de antigos alumnos do contrabaixista austríaco Ludwig Streicher na Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid.

A sede da EAEM acollerá o programa lectivo –tanto clases individuais de repertorio solístico, como por grupos de repertorio orquestral, de música de cámara e de jazz– para o que este ano se conta con Antonio García Araque, ex-contrabaixo principal da Orquestra Nacional de España e profesor na Escola Superior de Música de Cataluña e na Reina Sofía, como profesor convidado. Carlos Méndez, contrabaixo princi-

pal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais, e Luis Naveda, ex solista da Orquestra da Comunidad de Madrid e axuda de solista da Orquestra Nacional de España, impartirán as sesións de repertorio solístico; Damián Arenas, contrabaixo *tutti* da Orquestra Sinfónica de RTVE, de repertorio orquestral; Roberto Terrón, contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE, de música de cámara; e Alfonso Morán, contrabaixo co-principal da Real Filharmonía, de jazz. Os pianistas Ángel Gago e Lorenzo de los Santos acompañaranos no desenvolvemento das clases.

Canto ás actividades paralelas, está prevista a celebración de cinco concertos a cargo do Ensemble FONOS21 (Auditorio da EAEM, día 2 de xullo), o grupo de jazz Vizinhos de Morão (Dado-Dada Jazz Club, día 3), Cuarteto de Contrabajos de Madrid (Auditorio da EAEM, día 4), Cuarteto de Contrabaixos Gravissimo (San Martiño Pinario, día 5, no marco do Festival Via Stellae) e Antonio García Araque, acompañado por Ángel Gago ao piano (Auditorio de Galicia, día 6).

+ info en
www.ludwigstreicher-festival.org



novidades



Plan Galego das Artes Escénicas

Edita: Consellaría de Cultura e Deporte / Edición non venal
Pódese descargar en formato pdf nas webs culturaedepor.te.xunta.es e www.igaem.xunta.es

O Plan Galego das Artes Escénicas (PGAE), impulsado e coordinado pola Consellaría de Cultura e Deporte, define o marco de actuación para o sector até 2011. A súa redacción final é resultado dun proceso participativo de elaboración para o que se contou con medio centenar de representantes de todos os axentes implicados no teatro, a danza, o circo e a maxia en Galiza.



Game Over

Carlos Losada

Colección Biblioteca Dramática Galega, nº 8 / Edita: IGAEM-Edicións Xerais de Galicia
ISBN: 978-84-453-4583-2
PVP: 13,50 euros



Carlos Losada gañou en 2007 a segunda edición do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, convocado polo IGAEM, cunha obra que aborda un tema moi actual: o illamento dos rapaces provocado polo uso abusivo das novas tecnoloxías e, en concreto, das máquinas de xogos. O xurado do galardón destacou precisamente deste texto a introdución da máquina como personaxe, o humor e o seu interesante tratamento da violencia.



IGAEM. Informe de actividade 2007

Edita: IGAEM / Edición non venal
Pódese descargar en formato pdf na web www.igaem.xunta.es

Este balance xeral da actividade desenvolvida polo IGAEM durante o pasado ano ofrece, a través de numerosos cadros e gráficos, unha ampla perspectiva da evolución tanto das políticas de fomento das artes escénicas e musicais como do traballo realizado polas unidades de produción adscritas ao Instituto (Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Escola de Altos Estudos Musicais).

Cataventos e cía.

Celia Díaz Núñez

Colección Barriga Verde, nº 4
Edita: IGAEM-Baía Edicións
ISBN: 978-84-453-4569-6
PVP: 7 euros

Gañadora en 2004 do II Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na súa modalidade infantil, a obra aborda un dos temas clásicos tanto na literatura dramática como na infantil: os complicados amores entre un mozo pobre, o poeta Leonardo, e unha princesa, Amanda.


Cucho, Coco e o dilema do 6

Tino Antelo

Colección Barriga Verde, nº 5
Edita: IGAEM-Baía Edicións
ISBN: 978-84-453-4589-4
PVP: 7 euros

Cuns claros contidos pedagóxicos e uns diálogos que destacan pola súa axilidade, este texto resultou gañador en 2003 da primeira edición do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade infantil.

01 DOMINGO	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Ribadeo 20.30 h Auditorio Municipal Hernán Naval					Tangatutanga Teatro (USC) <i>O abano de Lady Windermere</i> Santiago 21.00 h IX Mostra de Teatro Universitario da USC			01 DOMINGO			
02 LUNS						Aula de Teatro Maricastaña (U. de Vigo) 84 21.00 h IX Mostra de Teatro Universitario da USC			02 LUNS			
03 MARTES									03 MARTES			
04 MÉRCORES									04 MÉRCORES			
05 XOVES									05 XOVES			
06 VENRES	Pisando Ovos <i>No intre 1800</i> Ferrol 22.00 h CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER	Abada Teatro – Carlos Blanco <i>Humor negro</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG Estigma <i>O Barco</i> 21.00 h TEATRO LAURO OLMO		CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL					06 VENRES		
07 SÁBADO	Teatro Galileo <i>Náufragos</i> Cedeira 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Chelicia <i>Cuarteto de chelos</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Abada Teatro - Carlos Blanco <i>Humor negro</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Decamerón e Cía. <i>O xuízo da adúltera Filipa</i> Cangas 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS	Pisando Ovos <i>Menos 1</i> Ferrol 22.00 h CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL					07 SÁBADO	
13 VENRES	Teatro Galileo <i>Náufragos</i> Ames CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Volta e Dálle Teatro <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	CDG Estigma Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA				Iván Marcos 20.30 h AcciónST			Roberto Leal & Friends <i>De gaivotas e rancheiras</i> 20.30 h (xastrería) AcciónST	Teatro dell Ariete <i>Teatro para comer?</i> 22.00 h AcciónST	13 VENRES
14 SÁBADO	Bacana <i>Hendaya Mon Amour</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	CDG Estigma Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA		Narf 22.00 h Ciclo Novas Músicas						14 SÁBADO		
16 LUNS	Escola de Altos Estudos Musicais <i>Concerto de cámara dos alumnos da EAEM</i> Santiago 20.30 h AUDITORIO DA EAEM									16 LUNS		
17 MARTES	Escola de Altos Estudos Musicais <i>Concerto de cámara dos alumnos da EAEM</i> Santiago 20.30 h AUDITORIO DA EAEM									17 MARTES		
18 MÉRCORES	Escola de Altos Estudos Musicais <i>Concerto de cámara dos alumnos da EAEM</i> Santiago 20.30 h AUDITORIO DA EAEM									18 MÉRCORES		

19 XOVES	Cía de Teatro Xerpo <i>Salpicados</i> Santiago 22.00 h SALA NASA							19 XOVES
20 VENRES	Cía de Teatro Xerpo <i>Salpicados</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	CDG Estigma Ribadeo 20.30 h Auditorio Municipal HERNÁN NAVAL		Nordestin@s 22.00 h Ciclo Novas Músicas			20 VENRES
21 SÁBADO	Cía de Teatro Xerpo <i>Salpicados</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Sanxenxo 22.00 h PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Artesán Teatro <i>Estoraque, o Indiano</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA					21 SÁBADO
22 DOMINGO			CDG Estigma Ferrol 20.00 h TEATRO JOFRE					22 DOMINGO
26 XOVES	Teatro D2 <i>Flores migratorias</i> Santiago 22.00 h SALA NASA							26 XOVES
27 VENRES	Teatro D2 <i>Flores Migratorias</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG Estigma Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL		Carmen Dor Santiago 22.00 h Ciclo Novas Músicas			27 VENRES
28 SÁBADO	Teatro D2 <i>Flores migratorias</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	Teatro de Adro <i>Comida Chinesa</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	La Imagina Machina <i>Ubú Rei</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL		Teatro de Ningures <i>Bailadela da morte ditosa</i> 20.30 h (ESTREA)			28 SÁBADO
29 DOMINGO	Artesán Teatro <i>Estoraque, o Indiano</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Teatro Galileo <i>Náufragos</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN CAIXA GALICIA			Teatro de Ningures <i>Bailadela da morte ditosa</i> 18.00 h			29 DOMINGO



[...] CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
CCG. Obradoiro de psicodanza	Carmela Bueno e Alejandra Beiras, da Asociación Igualarte, son as profesoras deste taller sobre a psicodanza como método de traballo para favorecer o desenvolvemento integral do individuo, e especificamente das persoas con necesidades educativas especiais. O obradoiro, gratuito previa inscrición, celebrarase do 30 de xuño ao 4 de xullo na Fábrica de Oleiros.	15 prazos para mediadores culturais e educativos (profesores, animadores culturais, educadores sociais, etc.) Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	26 de xuño
CCG. Formación regular en ioga e pilates	O programa de adestramento regular para bailaríns no Centro Coreográfico Galego inclúe clases de ioga, impartidas por Erick P. Jiménez Vindas todos os luns e martes de 19.30 a 21.00 h, e de pilates con Ana Belén Duro Fernández os mércores e venres no mesmo horario.	Profesionais da danza e outras artes do movemento. Máis información: Centro Coreográfico Galego. Tel. 981 134 946. Correo-e: formacion.ccg@xunta.es	Inscrición aberta
Coproducións CDG 2008-2009	Selección dos dous proxectos (un dirixido ao público infantil e outro ao adulto), que o CDG coproducirá na vindeira temporada. Ámbolos dous implicarán o uso dunha linguaxe escénica contemporánea e serán seleccionados en función da súa calidade e interese artísticos, do seu impacto canto á innovación e incorporación de diferentes disciplinas e linguaxes artísticas, e da súa xestión.	Compañías, colectivos ou creadores profesionais galegos ou con domicilio habitual en Galiza. Máis información no tel. do CDG 981 581 111	Aberta a recepción de proxectos
Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas 2008	O IGAEM e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) organizan a segunda edición deste programa formativo, que ofrece os seguintes cursos: - Dirección e xestión de espazos escénicos, con José Manuel Garrido (Salón Teatro, Santiago: do 16 ao 19 de xuño). - O actor no espazo, con José Luis Raymond (ESAD, Vigo: do 30 de xuño ao 4 de xullo). - Teatro/Danza, con Megaló Teatro (Centro Coreográfico Galego, A Coruña: do 7 ao 11 de xullo). - Iluminación, con Miguel Ángel Camacho (ESAD, Vigo: do 8 ao 10 de setembro). - Corpo creativo: do laboratorio á escena, con Andreu Raich e Elisenda Renom (SGAE, Santiago: os mércores do 17 de setembro ao 3 de decembro). - Expresión oral, con Nuria Montero Gullón e Cristina Domínguez (SGAE, Santiago: os luns do 22 de setembro ao 15 de decembro). - Taller de interpretación, da análise á acción, con Iaroslav Bielski (SGAE, Santiago: do 24 ao 28 de novembro).	Profesionais das artes escénicas de Galiza. 20 prazos para cada curso. Máis información: ESAD de Galicia Tel. 986 246 399 Correo-e: esad.galicia@edu.xunta.es	Até 15 días antes do inicio de cada curso

2. OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Premio Abrente para Textos Teatrais	O Concello de Ribadavia convoca a terceira edición deste galardón, dotado con 3.000 euros e a publicación da obra premiada.	Todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega normativa. As bases poden consultarse en: www.mitribadavia.com/premios	30 de xuño
GzCrea 2008	A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, organiza a terceira edición do certame nas modalidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, videoclips, composición para bandas de música e deseño de xoias. Premios por especialidade: — 1º premio: 3.000 € — 2º premio: 1.500 € — 3º premio: 1.000 €	Mozos e mozas galegos/as ou residentes en Galiza, non profesionais, de 16 a 30 anos de idade cumpridos no ano 2008. A participación será sempre individual agás nas especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, nas que pode ser colectiva. Máis información: www.gzcrea.com 30 de xuño	30 de xuño
Convocatorias Iberescena 2009	O Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena abre o prazo de presentación de catro novas convocatorias: Escritura dramática e coreográfica Formación en produción e xestión para os profesionais das artes escénicas iberoamericanas Circulación de espectáculos Coproductión de espectáculos de teatro e danza iberoamericanos	Máis información en www.iberescena.org Autores e coreógrafos profesionais dos países membros de Iberescena. Centros públicos de produción, compañías independentes, empresas privadas de produción e/ou xestión, universidades e centro de formación, organizacións ou asociacións relacionadas co sector, ámbitos profesionais independentes. Círculos, redes de distribución, festivais e espazos escénicos que cumpran os requisitos esixidos. Entidades ou institucións públicas ou privadas, grupos e compañías profesionais de teatro e danza cuxas actividades contribúan a fornecer os plans de cooperación e integración de Iberescena.	18 de xullo

Rexistro de datos
XANEIRO-MARZO 2008

IGAEM

CDG

Producións con distribución pechada (*)				
Noite de Reis. Ou o que queirades				

Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ourense	Valdemuller	5	124,00	424,96 €
Narón	Valdemuller	4	90,50	365,00 €
Tui	Valdemuller	3	247,67	390,17 €
Pontevedra	Valdemuller	2	127,00	293,75 €
Carballo	Valdemuller	2	280,00	[GRATUÍTAS]
Santiago	Valdemuller	5	120,00	319,80 €

CCG

Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	Kiosco das almas perdidas	3	304,33	1.028,20 €
Vigo	Kiosco...	2	427,50	3.152,50 €
Pontevedra	Kiosco...	2	263,50	747,00 €
Vilagarcía	Kiosco...	1	114,00	192,00 €
Xixón	Kiosco...	2	134,50	685,36 €
Santiago	Kiosco...	2	342,00	1.162,00 €

SALÓN TEATRO

COMPañÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit/ Cía. Mudances	Larandland	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	El agresor	2	48,5	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	Negro	2	88,5	477 €
Sinsal	Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo	1	91	518,00 €
Sinsal	Michael Gira + (r)	1	87	554,00 €
Voadora	PeriFeria	2	149,5	137,50 €
Sinsal	Baby Dee + O Fillo Pausado	1	145	1.152,00 €
Uróc Teatro	Ados@dos	2	69	441,50 €
CDG	Valdemuller	5	120	319,80 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007				
	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2008				
	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	18	1.803	36,83%	7.300,00 €
Noite de Reis (CDG)	7	2.670	68,95%	15.913,20 €
Valdemuller (CDG)	21	3.139	35,94%	6.941,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	12	3.362	31,18%	14.770,31 €

(*) Desglose
en anteriores
números de e_scena

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPañÍAS

COMPañÍA	Nº FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	4	237,75	1290,1 €
Abada Teatro-Carlos Blanco	7	323,71	1583,57 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	2	78,5	108,63 €
Artesán Teatro	2	87,5	223,5 €
Bacana	7	91,57	378,57 €
Berrobambán Teatro	6	198	567,63 €
Caramuxo Teatro S. C.	5	145	281,6 €
Chrystyan Magic	2	289,5	656,41 €
Colectivo Danzón	1	89	185 €
Cuarta Pared	6	130	732,07 €
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta	1	276	636 €
Decameron e Cía.	1	30	75 €
Disque Danza	3	117	310,57 €
Dúo Dürichen-Permuy	1	110	180 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198 €
Entremans	3	79,67	365,67 €
Espello Cóncavo	5	149,2	298,2 €
Fulano, Mengano e Citano	5	99,2	225,9 €
Galitoo	10	236,7	520,4 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €
Javier Muro	2	114,5	230,1 €
La Imagina Machina	4	133,25	406,54 €
Lagarta Lagarta	2	113,5	158,5 €
Luis Boyano	1	153	318 €
Mago Norberto	1	164	346,76 €
Mago Pablo	1	157	333,3 €
Mago Xacobe Sanz	2	211	502,8 €
Malasombra	3	146	412,83 €
Marco González Tango Argentino	2	191	222,5 €
Migallas Teatro	4	121	219,63 €
Mofa e Befa	4	135,5	502 €
Musik-Walk	2	75,5	310 €
Nunca +1	2	79,5	272 €
Nut Teatro	4	79,75	176,63 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246 €
Os Monicreques de Kukas	8	105,88	176,38 €
Os Quinquilláns	4	216,5	426,63 €
Pistacatro Productora de Sonhos	6	220,33	884,5 €
Produccións Acontrabutaca	3	135	383,81 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	113,67	238,33 €
Sapristi	2	202	404 €
Sarabela Teatro	7	216	1366,21 €
Talia Teatro	18	175,61	409,71 €
Tanxarina Títeres	4	149,75	224,25 €
Teatro de Adro	5	99,6	476,1 €
Teatro de Ningures	10	105,4	369,8 €
Teatro del Andamio	3	121	283,67 €
Teatro do Atlántico	4	151,75	455,63 €
Teatro do Morcego	6	202,67	829,5 €
Teatro do Noroeste	5	68	307,8 €
Teatro Ensalle	1	58	84 €
Teatro Galileo	8	151,5	724,25 €
Teatro Lope de Vigo	3	116,67	256,67 €
Títeres Cachirulo	4	161,75	231,22 €
Títeres Trompicallo	7	172,86	303,07 €
Vocalise	1	157	345 €
Volta e Dálle Teatro	1	148	587 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLOS/ENTIDADES	Nº FUNCÍONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña (IMCE)	21	216,57	923,9 €
A Coruña (Teatro Colón Caixa Galicia)	1	155	575 €
A Estrada	7	128,71	288,14 €
Ames	7	97,14	206,11 €
Arteixo	9	156,67	352,15 €
As Pontes de García Rodríguez	2	123,5	174,75 €
Betanzos	1	110	275 €
Boiro	6	148,67	241 €
Burela	2	291,5	925 €
Cambados	5	142,4	174,6 €
Cangas do Morrazo	6	163,17	568 €
Carballo	8	129,5	311,26 €
Cedeira	7	124,14	168,14 €
Cee	4	82,75	157 €
Culleredo	1	67	111 €
Ferrol	8	95,88	329 €
Foz	6	110,67	235,83 €
Lalín	1	65	172 €
Lugo	4	119,25	601 €
Mondoñedo	2	67,5	202,75 €
Monforte de Lemos	2	83,5	151 €
Muros	6	98,83	189,58 €
Narón	8	236,38	1329,1 €
Noia	2	81	229,5 €
O Barco de Valdeorras	6	129	537,67 €
O Carballiño	2	57,5	161,25 €
Oleiros	5	157,4	516,3 €
Ortigueira	2	61	176,5 €
Ourense (Teatro Principal)	7	170,71	1072,71 €
Ourense (Auditorio Municipal)	5	202,8	379,2 €
Ponteareas	2	187,5	453,25 €
Pontevedra	11	346,27	924,59 €
Redondela	8	221,13	464,5 €
Ribadeo	4	123,5	276 €
Sada	5	154	124 €
San Sadurniño	5	62	129,2 €
Santiago de Compostela	11	81	435,18 €
Sanxenxo	3	149	586,67 €
Tui	2	207,5	573,5 €
Vigo (Auditorio Municipal)	8	142,5	418 €
Vigo (Caixanova)	3	159,67	925,33 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121 €
Vilalba	2	46	105 €
Viveiro	4	154	367,75 €

TOTAIS RGTA (até febreiro)	2006	2007	2008
Funcións	156	198	223
Público	28.189	25.110	34.206
Ocupación	46,39%	33,61%	38,13%
Facturado	93.572,60 €	78.073,28 €	107.561,49 €

Rexistro de datos XANEIRO-MARZO 2008

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Tuna Rastafari	3	160,33	511,33 €
Aguardiente Swing Quartet	4	57,25	219 €
Alberto Pérez	3	62,67	245,67 €
Alegales	4	59,75	106 €
Álvaro Muras	4	31,75	50 €
Álvaro Vieito Trío	7	37	95,71 €
Ataque Escampe	2	43	106,5 €
Avelaíña	2	34,5	84 €
Balakandra	3	28,33	59,67 €
Bruno T. Ford	6	29,17	79,5 €
Bukowski Blues Trío?	6	30,67	73,67 €
Capitán Furilo	4	35,75	56 €
Carlos López Quartet	2	20	86 €
Carmen Dor	1	43	90 €
Coanhadeira	2	25	45 €
Collectivooruga	1	33	99 €
Cornelius	10	71,3	209,9 €
Détour	4	28,5	76 €
Día de Furia	1	74	222 €
Dismal	3	78	317 €
Dorian Gray	4	32,25	70,25 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	2	87	345,5 €
El Cubo	4	60,5	199,75 €
Elodio y Los Seres Queridos	2	49,5	123 €
Emma Placer	5	46,6	112,6 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	3	30,33	91,33 €
Fernando Esclusa	3	35,33	79,33 €
Grasa	4	34,5	62,75 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	4	47,5	129 €
Heissel	5	71,6	203,4 €
Holywater	1	96	430 €
Hot3 Sss	3	29	88 €
Igloo	6	71,83	228,83 €
Ivan & Josito	3	50,33	136 €
Jabón Blue	1	55	111 €
Jaso&boo Jazz Performance	5	19,2	40,8 €
Jato Neïro Jazz Trío	3	18,33	52 €
Jugoplastika	3	36,67	100,33 €
Kin García Trío	2	46,5	178,5 €
Kogito	1	30	90 €
Le Punk	1	67	275 €
Little Albert Boogie Band	4	29,5	67,5 €
Los Casanovas	2	20	67,5 €
Los High Sierras	3	58	171 €
Mama Boogie	2	31,5	94,5 €
Marcos Meléndrez	4	56,75	157 €
e Gastón Rodríguez Tango Bar			
Miki Nervio & The Bluesmakers	2	83,5	292,5 €

GRUPOS	Mitocondrias	1	50	150 €
	Moondogs Blues Party	3	41,67	98,33 €
	Mr. Dixie Jazz Band	3	44	269,33 €
	Niño y Pistola	2	46	127,5 €
	O Leo I Arremecághona!	1	18	39 €
	O Sonoro Maxin	3	69,67	199 €
	Pacífico	3	69	199 €
	Pepa e Davide & Madame Cell	3	55,67	139 €
	Renato Spencer & Café Caxaça	1	16	48 €
	Rockers Go To Hell	3	67	205 €
	Samuel Levi	1	13	30 €
	Sax Machine	1	11	27 €
	Stereotipos	2	24	72,5 €
	Sumrrá	1	28	140 €
	Sweet Oblivion Band	4	69,25	140 €
	Swingpool	1	57	106 €
	Tangata	3	29	91 €
	The Blows	3	121,67	501,67 €
	The Turre's Band	2	60,5	121,5 €
	Ton Martínez - Risco	2	30	105 €
	Jacobo de Miguel Dúo			
	Tonhito de Poi e Rasaloba	2	61,5	173,75 €
	Transilvanians	3	134,67	495,33 €
	Ú-lo Trío?	2	42	150 €
	Vetusta Morla	3	151,33	474,67 €
	Voices da Rádio	2	80	344,5 €

SALAS	SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
	A Fragua (Redondela)	6	25,67	42,67 €
	Ache (Marín)	2	94	394,5 €
	Aturuxo (Bueu)	8	91,88	323,5 €
	Auriense Café Cultural (Ourense)	5	57,8	120,8 €
	Babel (Lugo)	4	65	226,75 €
	Badulake (Ordes)	3	27	49 €
	Bar Liceum (O Porriño)	4	81,5	298,25 €
	Baranda (O Barco de Valdeorras)	7	52,43	157,29 €
	Borriquita de Belém (Santiago)	4	43,75	94,25 €
	Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	3	41	113,33 €
	Catro Camiños (A Rúa)	2	45	90 €
	Clandestino (Nigrán)	4	29,75	110,25 €
	Clavicémbalo (Lugo)	9	38,44	104,89 €
	Contrabaja (Vigo)	5	24,6	71,2 €
	Disco-sala Ogmios (Cariño)	1	44	132 €
	El Ensanche (Vigo)	6	36,67	110 €
	Forum Celticum (Culleredo)	5	74,6	174 €
	Garufa (A Coruña)	4	49,5	126 €
	Jazz Filloa (A Coruña)	3	31,67	158,33 €
	Jazz Vides (A Coruña)	8	44	209 €

SALAS	La Casa de Arriba (Vigo)	11	35	100 €
	La Fábrica de Chocolate (Vigo)	10	105	297,3 €
	La Galeríajazz (Vigo)	4	19,5	97,5 €
	La Iguana Club (Vigo)	4	113,75	419,25 €
	Manteca Jazz (Vigo)	1	95	450 €
	Marrucho (Baiona)	2	49	122,5 €
	Micos (Cariño)	6	26,5	53 €
	O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	1	45	105 €
	Planeta (Sarria)	3	61	214,67 €
	Pub O Muíño (Cervo)	4	40,5	97,75 €
	Pub D'antón Rock Café (A Laracha)	6	54,5	152,25 €
	Pub Gatos (Melide)	9	32,33	92 €
	Pub Leblón (Pontecaldelas)	6	28,83	37,67 €
	Sala Run Run (Ferrol)	6	65,5	236,67 €
	Sala 600 (Melide)	5	80,6	145,8 €
	Sala Clan (Xinzo de Limia)	1	113	339 €
	Sala Karma (Pontevedra)	5	57	242,4 €
	Sala Mogay (Chantada)	5	57,4	172,2 €
	Salason (Cangas do Morrazo)	5	72,6	242,4 €
	Salón Parroquial (Pontearreas)	4	61,75	73,5 €
	Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	3	46,67	106,67 €
	Verbum Jazz (Vigo)	5	28,8	80 €
	Woodstock (Sanxenxo)	4	34,5	103,5 €
	Zona Zero (Caldas de Reis)	6	37,17	107,5 €

TOTAIS RGMV (até febreiro)	2007	2008
Funcións	228	209
Público	11.404	10.895
Ocupación	24,07%	39,11%
Facturado	27.451,50 €	32.642,50 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Sala Nasa (Santiago)	6	49,17	313,67 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	18	32,72	120 €
Teatro Ensalle (Vigo)	15	19,13	133,13 €

TOTAIS RGS (até febreiro)	2007	2008
Funcións	59	39
Público	2.208	1.171
Ocupación	35,19%	52,21%
Facturado	11.999,50 €	6.039,00 €



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
 das artes escénicas
 e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
 San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
 igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es